

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-06

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte texto sobre deseñadores africanos. Tome as notas que precise.

DESEÑADORES AFRICANOS NO MERCADO INTERNACIONAL DE DECORACIÓN DE INTERIORES

O deseño africano é cada vez máis popular, especialmente no sector do interiorismo, onde a súa demanda está superando a oferta. O que se busca non son as máscaras e estatuas que se venden nas beirarrúas de todo o mundo. Os interioristas recorren aos deseñadores africanos porque producen obxectos exquisitos, excelentemente traballados e fabricados con materiais naturais.

En todos os países africanos hai deseños e técnicas artesanais tradicionais herdados das xeracións anteriores e completamente diferentes dos que poidan encontrarse en calquera outro lugar. Os creadores están orgullosos de inspirarse nas súas raíces, tanto como do toque moderno que lles deron aos seus deseños. A maioría utiliza produtos locais –madeira, algodón, la, arxila, herbas, tinturas, coiro, pedra...– e técnicas tradicionais para crear obxectos de deseño de interiores capaces de seducir o público internacional.

Moitos deseñadores africanos adquiriron notoriedade pola calidade e orixinalidade do seu traballo e estanse abrindo camiño no mercado internacional grazas a proxectos como o programa Design Africa, iniciado pola Oficina de Facilitación do Comercio do Canadá (TFO Canada) co fin de axudar as empresas de decoración de interiores de África a comercializar os seus produtos no mercado internacional.



Por medio de seminarios, cursos de formación e orientacións prácticas para crear deseños cun atractivo internacional, o programa axuda as pequenas e as medianas empresas de interiorismo de toda África a fortalecer a súa capacidade e establecer vínculos con compradores internacionais.

O Salon International du Design d'Intérieur de Montréal (SIDIM) foi fundamental para introducir moitos dos creadores africanos no mercado internacional. A obra exhibida nas exposicións do SIDIM celebradas en Montreal e Toronto recibiron un éxito inmediato e os interioristas recoñeceron e apreciaron ao instante a orixinalidade do seu concepto e os seus rechamantes deseños.

Para preparar as exposicións do SIDIM, o programa Design Africa realizou, entre outras, as seguintes actividades:

- Envío de misións aos países participantes para identificar e seleccionar as pemes, impartíndolles a case 100 empresas talleres en grupo e sesións de información individual sobre a exportación ao Canadá e as estratexias para a apertura de mercados e a promoción de produtos.
- Información e apoio aos participantes para prepararen a exposición (por exemplo, selección de produtos, fixación de prezos, selección de material publicitario).


- Apoio na identificación de compradores canadenses clave e a invitación a participar nas feiras comerciais, así como no seguimento tras as exposicións.

Actualmente participan no programa 19 pemes de cinco países: Etiopía, Gana, Malí, Senegal e Sudáfrica. Os criterios de selección son: deseños singulares de inspiración africana, alta calidade, confección manual con materiais locais sen tratar (de ser posible, biolóxicos), potencial para xerar unha imaxe de marca sólida baseada na alta calidade e na proxección social (o lado “humano” dos produtos) e a capacidade de obter un sobreprezo.

A marca Design Africa ofrécelles aos creadores un exemplo do xeito de comercializar os seus produtos no mercado internacional.

A continuación, unha deseñadora e participante do programa Design Africa fala da súa experiencia:

Ronel Jordaan Téxtiles produce coxíns, cortinas, sobrecamas e alfombras incomparables, todo con la 100% meiriña, cardada, tinguida e tecida á man, procedente da Provincia Oriental do Cabo (Sudáfrica), onde vive a fundadora e alma creativa da empresa, Ronel Jordaan.



Ronel Jordaan Textiles

“Basta unha ollada aos meus coxíns para saber que a miña inspiración é a natureza. A miña obra é única porque utilizo un medio inédito e porque os meus deseños parecen reais,” explica Ronel.

- Resultoulle difícil entrar no mercado internacional do interiorismo?
- En Design Africa ensináronnos a comercializar os nosos produtos no Canadá e noutros países. Organizaron reunións con comerciantes por xunto e tivemos ocasión de exhibir os nosos produtos en Montreal e Toronto. Entrar no mercado internacional foi unha grande axuda.
- As copias supoñen un problema?
- Vin copias do meu traballo, pero non tomei medidas. O tipo de cambio da moeda surafricana non nos favorece; os outros deseñadores saben que estamos indefensos e por iso nos copian. O meu medio de vida non está ameazado, porque son creativa e sempre crearei deseños novos, pero o certo é que perdemos vendas. Os deseñadores e creadores africanos poderían beneficiarse enormemente da protección –dos deseños e doutro tipo de creacións–, aínda que non a necesitamos para ser competitivos no mercado mundial.

Os cualificativos máis empregados para describir a obra de Ronel son “exquisita” e “impresionante”. Ronel foi nomeada Deseñadora de Accesorios de Interiorismo do Ano 2006 pola revista *Elle*. Porén, a deseñadora afirma que o seu maior orgullo é darlles ás mulleres que ensina a tecer os medios para crear os seus propios deseños.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/aldea/vila... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p><i>(Se procede)</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	

2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Segundo o texto, que aspectos pode destacar desta iniciativa? ▪ Que tipo de accións se fixeron para preparar as exposicións? 	

3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <ul style="list-style-type: none"> A. “A difusión e a comercialización de produtos artesanais poden ser un recurso moi eficaz para o desenvolvemento dalgúns países e das súas economías.” B. “O desenvolvemento da artesanía, os produtos naturais e a ecoloxía é moi interesante, pero non é rendible economicamente.” C. “O fenómeno da falsificación de deseños orixinais non ten solución, pertence a unha problemática mundial que lles afecta a moitos produtos.” 	

4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.

OPCIÓN A

“A difusión e a comercialización de produtos artesanais poden ser un recurso moi eficaz para o desenvolvemento dalgúns países e das súas economías.”

- Pensa vostede que os produtos artesanais teñen cabida nun mundo cada vez máis tecnolóxico?
- Cre que facer fincapé na artesanía como recurso económico pode ser negativo para algúns países?
- Non sería mellor intentar crear ou desenvolver unha industria ou unha estrutura tecnolóxica que permita competir no mercado internacional?
- Coñece vostede algún exemplo deste tipo noutros países?

OPCIÓN B

“O desenvolvemento da artesanía, os produtos naturais e a ecoloxía é moi interesante, pero non é rendible economicamente.”

- Considera que o interese polo artesan ou polo natural pode ser comercializado e rendible economicamente? Por exemplo?
- Cre que a explotación comercial destes produtos, que poden resultar exóticos para nós, pode afianzar imaxes e tópicos doutras culturas?
- Pensa vostede que este interese non é unha moda senón máis ben unha herdanza do pasado, no que todo tiña máis relación coa natureza?
- Parécenlle útiles todos os programas de axuda ao desenvolvemento? Por que?

OPCIÓN C

“O fenómeno da falsificación de deseños orixinais non ten solución, pertence a unha problemática mundial que lles afecta a moitos produtos.”

- Que opina vostede sobre a copia de deseños, xa sexa decoración, accesorios, roupa etc.?
- Pensa vostede que a copia de deseños orixinais pode estar xustificada nalgún caso?
- Considera que un maior control ou regulamento destas imitacións pode ter vantaxes e inconvenientes? Cales?
- Cre que pode haber dous tipos de demanda distintos, a de orixinais e a de copias? Poden convivir?